

CIENCIAS SOCIAIS 3º ESO 2019-20
RÚBRICA “PLANEAMENTO DUNHA ILLA”

	X 1	X 0,75	X 0,5	X 0,25	X 0	
Organización Presentación	O traballo está ben estruturado, responde á proposta e presenta de xeito moi coidado todos os contidos	O traballo está ben estruturado, responde á proposta e presenta correctamente o contido, aínda que falte algún apartado	O traballo non está ben estruturado, pero responde á proposta Non inclúe 2 apartados Ou non ten unha presentación moi coidada	O traballo responde en parte á proposta Presentación pouco coidada ou incompleta	O traballo non está ben estruturado, non respecta a proposta e non coida a presentación	1
Conceptos sobre planeamento	Comprensión conceptos, aplicación correcta Coherencia do PXOM co medio descrito Aplicación a gran escala e matizada	Comprensión conceptos, aplicación correcta Coherencia do PXOM co medio descrito	Comprensión conceptos aplicación correcta pero moi xeralista Pode conter 1 erro	Non hai comprensión correcta de todos os conceptos Aplicación con erros	Planeamento sen coherencia	2
Creación da cartografía	Expresión gráfica moi coidada Inclúe todos os elementos: lenda, escala, orientación, curvas de nivel Ten coherencia co descrito	Expresión gráfica coidada Falta algún elemento importante pero está mencionado na memoria Ten coherencia co descrito	Expresión gráfica con algún erro ou descoido Faltan 2 ou máis elementos Ten coherencia co descrito Respecta a lenda	Expresión descoidada Non inclúe elementos importantes Non respecta a lenda	Expresión gráfica moi descoidada Incoherente co descrito	2
Orientación da illa Elementos naturais Descrición do medio	Descrición rica en elementos naturais: clima, relevo, vexetación, fauna... Curvas de nivel, orientación Axústase ao medio das RRBB Describe rutas de sendeirismo	Descrición dalgún elemento natural: clima, relevo, vexetación... Curvas de nivel Axústase ao medio das RRBB Describe ou cita rutas de sendeirismo	Cita elementos do medio pero é ambiguo ou incompleto, incorpora algún elemento propio Axústase ao medio das RRBB Pode citar 1 ruta de sendeirismo	Cita algún elemento do medio pero non incorpora ningún elemento propio	Incoherencia no medio citado ou descrito Ou non se axusta ás RRBB Ou non cita nada	2
Elementos patrimoniais	Cita e describe abundantes elementos patrimoniais e teñen coherencia co medio e cos coñecementos previos	Cita e describe tres elementos patrimoniais e teñen coherencia co medio e cos coñecementos previos	Describe 1 ou 2 elementos patrimonial e ten coherencia co medio e cos coñecementos previos	Cita 1 elemento patrimonial	Non inclúe elementos patrimoniais	1
Documentación fotográfica	Engade fotografías ben relacionadas co medio descrito. Están identificadas e/ou son abundantes	Engaden catro ou máis fotografías e son coherentes co medio descrito	Engaden tres fotografías e son coherentes co medio descrito	Engaden unha ou dúas fotografías do medio ou non son coherentes co descrito	Non engaden fotografías	1
Aproveitamentos económicos e obtención de enerxía a partir de recursos renovables	Descrición correcta, ampla e coherente de ambos elementos	Descrición correcta e coherente de ambos elementos, aínda que resulte escasa	Cita coherente de ambos elementos, aínda que algún conteña un erro	Cita ou descrición coherente de alomenos un elemento	Non hai cita a estes elementos ou non é coherente co contexto	1
Memoria: calidade da argumentación e corrección sintáctica	A memoria está ben estruturada, o contido é axeitado A sintaxe é correcta e sen faltas ortografía Axústase ao índice proposto	A memoria está estruturada, o contido é axeitado aínda que presente algún erro sintáctico ou ortográfico Ou aínda que falta 1 aspecto a tratar	A memoria non está estruturada pero presenta parágrafos correctos e coherentes. Ten erros de ortografía ou sintaxe. Ou resulta incompleta.	A memoria non está estruturada. O contido non é acaído ou é moi pobre. Os parágrafos presentan erros de sintaxe e/ou de ortografía graves. Resulta incompleta	Textos incoherentes. Ou non presenta memoria	2

		Pode axustarse ou non ao guión				
Toponimia	Toponimia axeitada ao medio descrito. Verosímil. Utiliza varios topónimos.	Toponimia axeitada ao medio descrito. Verosímil. Utiliza 1 ou 2 topónimos.				0,5
Orixinalidade do conxunto Creatividade	Xenera traballo de calidade e orixinal a partir da proposta E a resolución gráfica é orixinal	Ou a memoria ou a cartografía presentan aspectos moi orixinais.				0,5